

**Acta núm. 14/2020.**  
**Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local**  
**do 03 de xuño de 2020.**

**CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:**

Pablo Lago Sanmartín.  
Carlos Noya Pereira.  
María Rosa Romero Fariña.  
Sandy Marie Cebral Gómez.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, ás 13,00 horas do 03 de xuño de 2020, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión extraordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 13/2020, DO 26.05.2020.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZAS DE OBRA MAIOR.

**PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 13/2020, DO 26.05.2020.**

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 26.05.2020, acta núm. 13/2020.

**SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).**

**a)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por RAMÓN GÓMEZ RIVADULLA, na que comunica que vai realizar as seguintes obras de conservación, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual, da edificación sita en Chave de Ponte nº 27 – Bastavales.

- Reparar a cuberta dun alpendre e bodega, retirando a tella existente e colocando tella nova do país, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da mesma.
- Reparar a beirarrúa existente no interior da parcela.

A parcela onde se empraza a edificación (referencia catastral nº 9013801NH2491S0001WT) na que se van a executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, a vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 204,00 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 268,57 euros.

**b)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por DIVINA LUZ DOMÍNGUEZ SUÁREZ, na que comunica que vai realizar obras de conservación nunha vivenda sita en Pazos nº 4 – Ons, consistentes en:

- Reparar a cuberta, substituíndo as pranchas de fibrocemento e tellas en mal estado por pranchas de fibrocemento e tella cerámica nova, sen modificar a estrutura nin

incrementar o volume actual da edificación.

A parcela onde se empraza a edificación (1590503NH2419S0001FJ) na que se van a executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM (NRO-1), e sitúase dentro da aldea de Pazos, incluída no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada como OE2, e, en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 33,00 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 97,57 euros.

**c)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ ANTONIO VIDAL GONZÁLEZ, na que comunica que vai realizar obras de conservación nunha vivenda sita en Lamiño nº 56 – Brión, consistentes no pintado das fachadas.

A parcela onde se empraza a edificación (6760715NH2466S0000MI) na que se van a executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 16,00 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 0,00 euros.

Total: 16,00 euros.

### **TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.**

**a)** Deuse conta dunha instancia presentada por CARLOS ANTONIO CALO BARBAZÁN, solicitando licenza para a ampliación dunha explotación gandeira (vacún de leite) sita no lugar de Ombre-Viceso, segundo proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Juan M. Hermida Vázquez, visado o 06/02/2020 (expt. nº20200084).

A parcela onde se empraza a explotación gandeira (resultante da agrupación das parcelas catastrais nº15013B504001490000MY, nº15013B504051380000MT, nº15013B504001480000MB e nº15013B504007080000MX) na que se van a executar as obras, atópase clasificada como solo rústico de protección agropecuaria.

Antecedentes:

1. A explotación gandeira, nº de censo 15.013.00695, conta co recoñecemento da súa existencia con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2003.

2. A Xunta de Goberno Local do 20/09/2016 concedeu licenza para ampliar unha fosa de purín, segundo proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Juan M. Hermida Vázquez, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña-Pontevedra), expte. nº 462/16.

3. Con data 17.02.2020 solicitase nova licenza para a ampliación da nave de gando vacún e ampliación da explotación.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da Consellería do Medio Rural, e dos

informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Farase constar no Rexistro da Propiedade a vinculación da superficie da totalidade das parcelas catastrais á construción e ao uso autorizado, segundo o artigo 39.e) da Lei 2/2016, do solo de Galicia.
- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Juan M. Hermida Vázquez, visado o 06/02/2020, expt. nº20200084.
- Esta licenza non é válida para a actuación sobre os muros de peche de parcela, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude a tales efectos.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorsearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá presentar comunicación previa para a ampliación da actividade, segundo o disposto na Lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 877,26 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 374,38 euros.

Total: 1.251,64 euros.

**b)** Deuse conta dunha instancia presentada por SEILA LEIRAS FERNÁNDEZ e RAFAEL FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, na que solicitan licenza para rehabilitar unha vivenda unifamiliar no lugar de Guitiande nº 15 – Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución redactado polo estudio de arquitectura Arrokaabe arquitectos S.L.P., visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 10.10.2019 e 14.05.2020 (n.r.e.: 1905313).

A parcela onde se sitúa a edificación a rehabilitar, ref. catastral nº7450839NH2475S0001IL, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1), e sitúase dentro da aldea de Guitiande, incluída no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificadas como AE4.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da Consellería de Cultura e Turismo (expte. 775/20) e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución de rehabilitación de vivenda unifamiliar redactado polo estudio de arquitectura Arrokae arquitectos S.L.P, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 10.10.2019 e 14.05.2020 (n.r.e.: 190531).
- Deberán cumprirse as condicións recollidas no informe favorable da Consellería de Cultura e Turismo ( expte. 775/20): Deberá manter o forno acaroadado á lareira, elemento característico desta vivenda tradicional, e deberá achegar a esa consellería unha vez rematadas as obras e no prazo de seis meses unha memoria fotográfica das obras executadas de acordo co disposto no artigo 43 da Lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galicia.
- Como garantía da urbanización do espazo de cesión, 11,00 m<sup>2</sup>, e que implica a pavimentación deste espazo e a execución das conexións coas redes de servizo existentes (abastecemento, saneamento, pluviais e alumeadado público), imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 900,00 €, que o interesado deberá presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- Esta licenza non é válida para a actuación sobre os muros de peche de parcela, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude a tales efectos.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de 11,00 m<sup>2</sup> destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 28 de maio de 2020.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 2.076,66 euros.
  - Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.
- Total: 2.172,69 euros.

O Sr. Alcalde declarou rematado o acto e a sesión foi levantada sendo ás 13,15 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde  
Vº e Prace  
José Luis García García

O secretario  
Javier Nieves González